

**ACTA DE EXAME E VALORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA A EMPRESA “A BILLARDA”, EMPRESA LICITADORA DO LOTE 1 DE ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE QUE CONTÉN A DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E OS CRITERIOS NON VALORABLES DE FORMA AUTOMÁTICA, DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DO SERVIZO DE ACCIÓNS FORMATIVAS DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DOS CONCELLOS DE AMES E BRIÓN 2023-2024 (7 lotes) TRAMITADO MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO.**

*Os asinantes deste documento decláran expresamente que non se atopan en ningunha situación susceptible de xerar conflito de intereses en relación co contrato a que se fai referencia neste documento, e que informarán sen dilación ao órgano de contratación de calquera situación que constitúa ou poida dar lugar a un conflito de intereses; son coñecedores de que un conflito de intereses pode formularse, en particular, por razóns de intereses económicos, afinidades políticas ou territoriais, razóns familiares ou afectivas ou calquera outro interese compartido, que puidese chegar a comprometer a imparcialidade no procedemento de contratación en cuestión.*

Expediente GD 3651\_3654/2024

Na Casa Consistorial de Ames o 8 de maio de 2024 reúnese a Mesa de Contratación designada para o exame e valoración da documentación requirida á empresa A BILLARDA SL en relación á documentación presentada no Sobre A no **Lote 1 ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE**, lote integrante do expediente de licitación das ACCIÓNS FORMATIVAS DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DOS CONCELLOS DE AMES E BRIÓN (7 lotes).

**ASISTENTES:**

**Presidenta:**

**Susana Señorís Rodríguez**, Concelleira delegada de Servizos Económicos

**Vogais:**

**Concepción Vilas Cantelar**, Secretaria accidental.

**Margarita Fernández Sobrino**, Interventora municipal.

**Emilio Garrido Moreira**, Técnico de EDUSI do Departamento de Contratación.

Actúa como **Secretaria** do acto **M. Isabel Quintáns Ríos**, Auxiliar administrativo do Departamento de Contratación.

A Mesa de Contratación en sesión celebrada el día 25.04.2024 con motivo da apertura do Sobre A e Sobre B correspondente ao Lote 1 denominado Actividades de Ocio e Tempo Libre adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro.-** *Trasladar a empresa **A BILLARDA SL** con B-27278845 requirimento de subsanación para que nun prazo de **tres (3) días hábiles** achegue a seguinte documentación:*

*- Inscripción definitiva como Escola de Tempo Libre na que se indique o número de inscrición.*

Dito acordo foi trasladado á empresa o 29.04.2024 tanto a través da sede electrónica municipal como a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

A empresa presenta en prazo (30.04.2024) a documentación requirida, Certificado emitido polo Servizo de Participación Xuvenil e Escola Galega de Xuventude, no que queda suficientemente acreditado a inscrición no Rexistro de Escolas de Tempo Libre da Xunta de Galicia da empresa A BILLARDA SL, con número G-51, cumprindo así co requirimento efectuado.

A continuación procedese a apertura do Sobre B que contén os criterios non valorables de forma automática das empresas declaradas admitidas no procedemento,

Lote nº 1.- Actividades de ocio e tempo libre		
EMPRESA LICITADORA	CIF	
A BILLARDA SL	B-27278845	Admitida
FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES	G-15597669	Admitida

No Sobre B outorgaranse as seguintes puntuacións:

CRITERIOS COMÚNS AOS LOTES 1, 2, 3, 4 e 5	
MEMORIA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO	35 puntos
Proposta axustada aos datos subministrados no Prego de prescricións técnicas. Claridade e orde adecuado na exposición da información. Fundamentación teórico-técnica do proxecto e coherencia na súa formulación. Ausencia de incoherencias, distorsións ou erros	Ata 20 puntos
Coherencia entre os obxectivos xerais subministrados e os obxectivos específicos, operativos e as accións/actividades propostas. Calidade e pertinencia da proposta organizativa e a metodoloxía. Carácter innovador da proposta.	Ata 10 puntos
Valoración do sistema de avaliación e control da Calidade. Plan de coordinación co departamento responsable do programa	Ata 5 puntos

Neste sobre as empresas deberán presentar unha memoria de actuación e programa de execución detallado que non deberá superar as 20 páxinas en formato dixital, quedando excluídas todas aquelas propostas que superen dito número de páxinas, non computándose para iso a portada e o índice.

Tras analizar o contido do Sobre B das empresa, en canto a memoria de actuación e programa de execución, cumpren todas elas co límite de páxinas.

Segundo o establecido no Anexo IV do PCAP os proxectos técnicos serán valorados polo técnico municipal de Inserción Laboral do Programa INSERAMES, Pablo Bello Nieto.

A vista do exposto, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes **ACORDA:**

**Primeiro.-** Declarar **admitidas** no procedemento de licitación do Lote 1, Actividades de ocio e tempo libre as seguintes empresas:

Lote nº 1.- Actividades de ocio e tempo libre		
EMPRESA LICITADORA	CIF	
A BILLARDA SL	B-27278845	Admitida
FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES	G-15597669	Admitida

**Segundo.-** Trasladar ao técnico municipal designado nos pregos de cláusulas administrativas Pablo Bello Nieto, os proxectos técnicos das empresas declaradas admitidas para a súa valoración, de acordo co establecido no Anexo IV do PCAP.

**Terceiro.-** A Mesa reunirase de novo para a toma de coñecemento do informe técnico emitido polo técnico municipal responsable da valoración dos proxectos técnicos.

E non habendo máis asuntos que tratar deuse por rematado o acto, do que se expide a presente acta, que en proba de conformidade, asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria das mesa, certifico.